

## CARTA DE NERYS CAMPBELL

Querido Charles:

Recibir a James, ferido pero vivo, foi un raio de esperanza, pero que con él chegaran novas túas era o que necesitaba para seguir adiante. E máis nestos momentos nos que non podo estar máis feliz e a vez triste porque non estas conmigo. Algo que me da esperanza é que teño no meu interior algo moi grande que forma parte de ti, supoño que non te esperabas esto, pero despois de 4 meses non podo agardar máis, estou desexando que regreses para poder continuar xuntos con ao lado deste fillo noso que ven en camiño .

Así como o contas, a nosa familia alardea pola cidade falando de tí, meu valente, que te enfrentas aos alemáns na fronte, a eles só lles importa iso, que se fale deles, así aumenta a súa fama, a fama dos Campbell, unha gran industria que o único que fai con esta guerra e encher os petos, máis se se pode. A industria de papá, a dás máquinas de coser, está fabricando armas e a de fundición... balas. Nas fábricas hai un gran movemento e empezaron a traballar as mulleres, en vez de coidar os meniños están a traballar para continuar coa guerra e salvar o país.

Eu sigo estudando máis na miña cabeza máis que fórmulas o único que son capaz de reter son os recordos contigo, esos que aparecen unha e outra vez e non son capaz de esquecer. Rezo todos os días unha e outra vez para que veñas de volta axiña e isto remate, que todo volva a ser como antes, os dous e nada máis. Non quero manchar a honra da miña familia se non regresas e a miña barriga empeza a medrar.

O meu único desexo e o teu regreso, acórdate de que aquí, loitamos contigo meu amor.

A que te espera e desespera , con moito cariño.

Nerys.